

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente.Sección Desenv.Territ.,Coop.e Medio Ambiente

Bases reguladoras das convocatorias de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, dirixidas aos concellos e outras entidades locais no ano 2019

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial da Coruña, en sesión do 14 de decembro de 2018, acordou aprobar as “Bases reguladoras das convocatorias de subvencións dirixidas aos concellos e outras entidades locais, da Deputación Provincial da Coruña, ano 2019”, que se transcriben a continuación:

BASES REGULADORAS DAS CONVOCATORIAS DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, DIRIXIDAS AOS CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS NO ANO 2019

Base 1. Liñas xerais

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que os concellos e outras entidades locais da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

Polo que se refire ao tipo de tramitación, as subvencións das convocatorias específicas que complementan estas bases tramitaranse de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

A tramitación telemática aplicaráselle a todas as fases do procedemento (solicitude, concesión e xustificación) e incluíranse en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e documentación e máis os envíos de documentación que fosen necesarios para tramitar os expedientes.

Conforme co disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas notificaránselle ás entidades interesadas as resolucións e actos administrativos que lle afecten os seus dereitos e intereses.

A resolución da solicitude de subvención, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrència competitiva e, de conformidade co establecido no artigo 45 da indicada Lei 39/2015, notificarase mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará na páxina web da Deputación, á cal se remitirá o texto publicado no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente en materia de notificacións administrativas.

Base 2. Réxime xurídico

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación da Coruña, está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuízamento civil.

- Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
- Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e Regulamento (UE) 2016/67, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).
- Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.
- Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei galega 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Regulamento orgánico e Bases de execución do orzamento de 2019 da Deputación da Coruña.
- Ordenanza xeral de administración electrónica da Deputación da Coruña.
- Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados, publicada no BOP nº. 116 do 22/06/2015.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei galega 11/2007, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección da infancia e da adolescencia.
- Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.
- Estatuto de autonomía de Galicia de 1981.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias do 5 de novembro de 1992, BOE nº 222, do 15 de setembro de 2001.
- Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade do Parlamento de Galicia o día 21 de setembro de 2004.
- Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación Provincial da Coruña, publicada no BOP nº 186, do 29/09/2017.

Base 3. Obxecto

O obxecto destas bases é establecer as normas para a solicitude, concesión, xustificación e pagamento das subvencións en réxime de concorrencia competitiva que tramite a Deputación da Coruña, ao amparo do establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (RDLXS), dirixidas a concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña.

Estas normas serán de aplicación ás convocatorias de subvencións provinciais referidas a actividades e/ou investimentos que se van realizar no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019.

No caso de investimentos e despois de petición razoada da entidade beneficiaria da subvención, na declaración de gastos realizados poderán incluírse xustificantes de gastos realizados con posterioridade ao 31 de decembro de 2019, con data límite do 30 de abril de 2020. Esta petición de prórroga poderá presentarse ata o 12 de decembro de 2019, ás 14:00 h.

No caso de subvencións para contratar persoal de concellos, as Bases reguladoras específicas dos programas de subvencións poderán establecer a posibilidade de solicitar esta prórroga.

Os xustificantes de gasto deberán ser emitidos nas datas sinaladas na base 9.1.

Base 4. Exclusiones

Non serán obxecto de subvención:

4.1 As actividades ou investimentos xa subvencionados pola Deputación da Coruña no mesmo exercicio.

Non se poderá financiar o mesmo obxecto cunha subvención de concorrencia e outra nominativa, por ser incompatibles, neste caso a entidade beneficiaria tería necesariamente que renunciar a unha delas.

4.2 As obras, fases de obra e investimentos que non sexan susceptibles de entrega ao uso público.

4.3 Aqueles outros que se establezan de xeito particular para cada programa na convocatoria correspondente.

4.4 É incompatible para cada un dos concellos facer solicitudes a nivel individual e, ao mesmo tempo, de forma agrupada cando se trate do mesmo programa e obxecto.

Base 5. Entidades solicitantes

Poderán participar nas convocatorias correspondentes os concellos e outras entidades locais que cumpran os requisitos establecidos na base seguinte e os da convocatoria correspondente, no momento de presentaren a solicitude.

Base 6. Requisitos e obrigas das entidades solicitantes

6.1 Pertenceren á administración local da provincia da Coruña.

6.2 Tendo en conta que a tramitación será telemática:

A entidade deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións se dirixirán a ese enderezo. Excepcionalmente poderase modificar o enderezo oficial, de forma xustificada, coa obriga de notificar a dita circunstancia á Deputación.

Deberán dispoñer de certificado dixital:

- A alcaldía ou concellería en que delegue
- A persoa que ocupe a secretaría

6.3 Estaren ao corrente das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.

6.4 Teren aprobada a última conta xeral que legalmente sexa exixible e presentada perante os órganos de control externo.

6.5 Faceren constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda información interna e externa que fixeran das actividades ou investimentos subvencionados.

6.6 Someterse aos procedementos de control que poidan realizar o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo. Como resultado dos ditos procedementos poderáselles esixir responsabilidade administrativa, consonte co disposto na LXS, e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código penal.

6.7 Se o importe da subvención provincial é superior a 60.000 €, a contratación con terceiros para a execución total ou parcial das actividades ou investimentos realizarase conforme coas normas de aplicación á contratación das administracións públicas, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación provincial que procedan, segundo o caso.

6.8 Cumpriren os requisitos da convocatoria específica correspondente á subvención que queren solicitar.

Base 7. Solicitude

7.1 Prazo e presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

Os prazos de presentación serán os que se establezan de xeito particular en cada convocatoria específica no anuncio na Base Nacional de Subvencións, que se publicará no BOP

7.2 Documentación

A documentación da solicitude deberá vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das certificacións, pola secretaría xeral e pola persoa que teña atribuída a representación ou delegada a competencia.
- No caso das declaracións, compromisos e outra documentación, pola alcaldía/presidencia ou persoa en quen esta delegue.

A documentación que se terá que presentar é a seguinte:

7.2.1 Documento acreditativo da delegación da alcaldía/presidencia no que se especifique o alcance da dita delegación (presentación telemática das solicitudes de subvencións, sinatura electrónica de todos os documentos necesarios para a súa tramitación, incluíndo as certificacións).

7.2.2 Certificación acreditativa do acordo de solicitude adoptado polo órgano municipal competente.

7.2.3 Documento explicativo da actividade ou investimento que se vai realizar. A convocatoria específica determinará o contido mínimo do dito documento.

7.2.4 Autorización para que a Deputación poida obter, en calquera momento da tramitación do expediente, as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.2.5 Documento acreditativo da aprobación da última conta xeral que legalmente sexa esixible e da súa presentación perante os órganos de control externo.

7.2.6 Calquera outra documentación, compromisos ou manifestacións que se especifique na convocatoria correspondente ou que sexa precisa para a valoración da solicitude.

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, daráselle un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado este prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar a integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non cubran nos cuestionarios telemáticos os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Base 8. Resolución

8.1 Valoración das solicitudes

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración das actividades e investimentos que se van realizar, de acordo cos baremos que se establezan de xeito particular para cada convocatoria específica.

8.2 Concesión

A concesión das subvencións realizarase mediante un réxime de concorrencia competitiva e será aprobada por resolución de Presidencia.

A unidade encargada da tramitación administrativa do expediente, á vista da documentación que consta neste e logo da valoración das solicitudes de conformidade cos criterios de valoración establecidos nas Bases específicas ou, se fora o caso, co informe emitido pola Comisión Técnica se estivera prevista, formulará un informe proposta de resolución de concesión provisional, debidamente motivado, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes que cumpran os requisitos da convocatoria para os que propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite. Este informe proposta será fiscalizado.

A Presidencia da Deputación ditará resolución de concesión provisional, que deberá notificárselles aos/ás interesados/as na forma prevista na convocatoria. Concederáselles un prazo de 10 días hábiles para presentaren, se fora o caso, a desistencia da solicitude, a reformulación, o cambio de obxecto, ou as alegacións que consideren oportunas.

No caso de non formular desistencia expresa, a subvención considerase aceptada tacitamente.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas distintas ás aducidas polos interesados. Neste caso, a resolución de concesión provisional adoptada terá o carácter de definitiva.

No caso de que existisen alegacións por parte das/os interesadas/os, deberanse resolver expresamente na resolución de concesión definitiva das subvencións.

A resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor do beneficiario proposto fronte á Deputación mentres non se lle notifique a resolución definitiva de concesión.

8.3. Reformulación de solicitudes

Cando o importe da subvención concedida sexa inferior ao importe solicitado entenderase automaticamente reformulada a solicitude de subvención. Non entanto, esta deberá ser reformulada cando a entidade beneficiaria considere que non pode cumprir a totalidade da actividade subvencionada.

En cada convocatoria específica establecerase o alcance e a forma na que deberá facerse esta reformulación, coa finalidade de respectar a adecuada proporcionalidade entre a contía da subvención outorgable e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria.

8.4 Cambios de obxecto

As bases reguladoras específicas dos programas de subvencións poderán establecer expresamente os supostos nos que se admitan os cambios de obxecto.

O simple cambio dalgún dos conceptos de gasto non se considerará cambio de obxecto, tampouco o cambio de lugar onde se faga a actividade, pero haberá que comunicarlle telematicamente á Deputación esa circunstancia antes de que se produza, sen prexuízo do que se estableza nas convocatorias específicas.

Base 9. Xustificación e pagamento

9.1 Prazo de xustificación

O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día 30 de abril de 2020 ás 14:00 horas.

Para as subvencións que teñan concedida unha prórroga, o prazo de xustificación rematará o día 29 de maio de 2020 ás 14:00 horas.

Este prazo será de aplicación agás o indicado na convocatoria específica.

9.2 Consideracións xerais

As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos, que deberán axustarse aos conceptos aprobados na concesión definitiva e que figurarán en cada expediente de solicitude.

As subvencións de importe superior a 15.000 € serán prepagables e aboaranse do xeito seguinte:

No caso de realización de actividade:

- Aboarase o 50 % do importe da subvención, logo da notificación da concesión; o 50 % restante, ou a cantidade que proceda, aboarase logo da xustificación da subvención, de acordo co establecido nesta convocatoria.

No caso de realización de infraestrutura ou equipamento:

- Aboarase o 40 % do importe da subvención, logo de que o concello acredite a adxudicación da obra ou subministración, e tomarase como referencia para calcular o importe que se ha aboar o importe da adxudicación, que será o importe subvencionable máximo; o 60 % restante, ou a cantidade que proceda, aboarase logo da xustificación da subvención, de acordo co establecido nesta convocatoria.

As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos e os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos aprobados no orzamento inicial e ao importe da adxudicación da obra ou subministración.

O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta sinalada pola entidade local.

9.2.1 A cantidade a xustificar será o importe da subvención concedida dividido entre o coeficiente de financiamento que se fixe nas bases específicas de cada convocatoria.

No caso de ter outras subvencións ou ingresos propios para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención da Deputación da Coruña, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o orzamento subvencionado para xustificar será a suma das subvencións e ingresos.

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, polo menos, o importe do orzamento subvencionado a xustificar.

9.2.2 O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou investimento desenvolvido pola entidade beneficiaria.

9.2.3 Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

9.3 Documentación xustificativa

A documentación xustificativa deberá vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das certificacións, pola secretaría xeral co visto e prace da persoa que teña atribuída a representación ou delegada a competencia.
- No caso das declaracións e outra documentación, pola alcaldía/presidencia ou persoa en quen esta delegue.

A documentación que se ha de presentar é a seguinte:

9.3.1 Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades ou investimentos realizados, das persoas beneficiarias, dos resultados obtidos e as desviacións acaecidas, asinado dixitalmente. A convocatoria específica determinará o contido mínimo do devandito documento declarativo.

9.3.2 Certificación expedida pola secretaría xeral da entidade local, da relación clasificada de pagos realizados con identificación das persoas acreedoras, tanto físicas como xurídicas (nome de empresa e NIF ou, se fora o caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (número de factura ou documento equivalente, importe e data completa de emisión).

Para os gastos de persoal indicárase para cada traballador/a e mes: a data, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade local.

Unicamente se admitirán xustificantes de gastos correspondentes a actividades ou investimentos realizados entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2019. Agás no caso de investimentos que teñan concedida unha prórroga, que na certificación de gastos realizados poderán incluír xustificantes de gastos realizados con posterioridade ao 31 de decembro de 2019, con data límite do 30 de abril de 2020.

Os xustificantes de gasto terán que estar expedidos nos períodos sinalados. Non obstante, naqueles casos nos que as actividades ou investimentos fosen realizados no final do período da convocatoria de subvencións, poderían admitirse os xustificantes (factura ou documento equivalente) que fosen expedidos ata o día 16 do mes de xaneiro de 2020.

Así mesmo, no caso de obras ou subministracións, e dado que o cumprimento do deber de expedir facturas en prazo non é imputable ao beneficiario da subvención provincial, poderían terse en conta as facturas posteriores ao 16 de xaneiro, coa condición de que xustifiquen recibir as obras ou subministracións dentro do ano da convocatoria, debendo acreditálo mediante a acta de recepción e/ou os albarás.

Agás as excepcións que se establezan en cada convocatoria específica, serán subvencionables unicamente os gastos realizados durante o propio exercicio.

No caso de programas ou proxectos subvencionados en anos sucesivos, presentarase declaración de que os xustificantes que se achegan son distintos dos xa presentados en exercicios anteriores.

9.3.3 Relación detallada de todos os ingresos concedidos por outras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto da subvención que se vai a xustificar, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos propios afectados á actividade subvencionada, ou, pola contra, declaración de non ter outros ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto.

No caso de concorrencia de subvencións públicas que estean xustificadas, poderá achegarse certificación da administración que a concedeu, na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificados e período ao que se refiren os gastos.

9.3.4 Declaración do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información interna e externa que se faga das actividades subvencionadas.

9.3.5 Declaración de ter aprobada a última conta xeral que legalmente sexa esixible e presentada perante os órganos de control externo.

9.3.6 Cando a xustificación se presente fóra de prazo, a entidade poderá aceptar a sanción que lle corresponde segundo se recolle nas bases da convocatoria, así como a compensación do importe da sanción no pagamento da subvención, de conformidade co indicado na base 10.

9.3.7. Certificación de que os xustificantes que se presenten para o cobro da subvención concedida non se inclúen no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+" do exercicio correspondente.

Para o cobramento da subvención, as entidades locais deberán presentar a documentación indicada nestas bases e de xeito particular en cada convocatoria específica.

9.4 Tramitación da xustificación

Para os efectos de xustificar os gastos e coa finalidade de exceptuar o art. 31.2 da LXS, entenderase que o gasto está realizado coa achega da documentación sinalada na base anterior.

Á vista da documentación xustificativa presentada e logo dos informes previos da unidade xestora e da súa fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e, se a documentación é correcta, procederase ao pagamento da subvención.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención terase en conta o seguinte:

1. No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a totalidade da subvención.

2. No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e, polo menos do 50% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.

3. No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento, ditándose resolución de perda do dereito á percepción da subvención, que lle deberá ser notificada á entidade beneficiaria.

A Deputación da Coruña poderá requirirle a entidade beneficiaria a documentación que estime pertinente para os efectos de comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

Conforme ao que se dispón nas bases de execución do exercicio correspondente, o grao de execución das actividades ou investimentos subvencionados poderá ser considerado entre os criterios de valoración en futuras convocatorias.

9.5 Procedemento de reintegro de subvencións

No caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade das subvencións de carácter prepagable, ou ausencia de xustificación destas nos termos contemplados nestas bases, ou cando se acrediten estas circunstancias ou se poña de manifesto o incumprimento das obrigas do beneficiario durante o proceso de control financeiro posterior ao pagamento, a Deputación provincial esixiralles ás entidades beneficiarias, o reintegro das cantidades correspondentes xunto cos xuros de mora correspondentes, de acordo co procedemento establecido.

No caso de que non efectuase o ingreso do importe que se ha reintegrar no prazo establecido para o efecto, autorízase expresamente a Deputación para que poida efectuar a compensación con calquera débito a favor da entidade beneficiaria da subvención, a través das entregas a conta da recadación (no caso de concellos usuarios do Servizo Provincial de Recadación) ou de calquera outra subvención que se encontre no trámite de pagamento (para os non usuarios).

Base 10. Incumprimentos e sancións

Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado nestas bases ou nas específicas, sen que a entidade presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requiriráa para que a presente no prazo improrrogable de 15 días dende a notificación.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a renuncia á subvención outorgada, sen prexuízo das responsabilidades dispostas na LXS.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo a seguinte gradación:

- Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 10% do importe da subvención, co límite de 75 €.
- Atraso na presentación da xustificación dun mes ata tres: sanción do 20% do importe da subvención, co límite de 400 €.
- Atraso na presentación da xustificación de máis de tres meses: sanción do 30% do importe da subvención, co límite de 900 €.

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción, agás que a entidade sancionada formule a oposición á sanción ata que se resolva o recurso.

Para outros incumprimentos e sancións non previstos neste apartado será de aplicación o disposto nos artigos 20 e seguintes da Ordenanza do control financeiro das subvencións da Deputación da Coruña.

A todas as sancións propostas seralles de aplicación a redución do 35 por 100 da sanción pecuniaria pola aceptación expresa do presunto responsable, de conformidade co establecido no artigo 85.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposición adicional primeira

Para os efectos da salvagarda do dereito das entidades participantes nas correspondentes convocatorias, ao respecto da protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos dispostos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao Rexistro Público de Subvencións.

Disposición adicional segunda

A aprobación das bases específicas ao abeiro das presentes bases xerais queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do orzamento xeral da Deputación da Coruña do correspondente exercicio no que se conteñan os créditos adecuados e suficientes para atender as solicitudes que ao amparo destas se presenten.

Consonte co anterior, non se poderá realizar ningún acto que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra a condición suspensiva citada no apartado anterior.

Ningunha convocatoria de subvención provincial xerará dereito a favor das entidades solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

Disposición adicional terceira

A presentación dunha solicitude de subvención nunha convocatoria provincial supón a aceptación das correspondentes bases reguladoras.

A Coruña, 14 de decembro de 2018

O Presidente,

Valentín González Formoso

O Secretario,

José Luis Almu Supervía

2018/9404